

Entidade de contratación:	Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.		
Denominación do expediente:	Seguro Danos Materiais nas Autoestradas AG-53 e AG-54.		
Ref. Expediente:	SEDM230101	Contrato harmonizado:	Non
Tipo contrato:	Servizos	Tipo tramitación:	Ordinaria Lotes: Non
Procedemento:	Aberto	Forma adxudicación:	Pluralidade de criterios
CPV:	66515000-3	Servicios de seguros de danos	
Importe licitación IVE:	65.000,00 €	Prazo execución:	12 meses Posibilidade de ampliación ata 24 meses adicionais (dúas prórrogas de 12 meses)

ACTA DE APERTURA DO ARQUIVO ELETRÓNICO B (SOBRE B)

ORDE DO DÍA

1. Constitución da Mesa de contratación.
- 2.. Lectura do anuncio de licitación.
3. Apertura dos arquivos electrónicos B (Sobre B).
4. Acordos da mesa.

1. CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN.

Data:	19/09/2023	Hora:	12:30 horas
Lugar:	Avelino Pousa Antelo nº-1, 2ª, Santiago de Compostela 15707, A Coruña		

No lugar, día e hora enriba indicados, a Presidenta declara constituída a Mesa de Contratación para proceder á apertura, en acto público, dos criterios automáticos por aplicación de fórmulas (Arquivo electrónico B), logo do aprazamento da apertura prevista para o día 15 de setembro as 10:00 horas debido a problemas técnicos co sistema de licitación electrónica, correspondente ao expediente que se referencia.

MEMBROS DA MESA ASISTENTES	
CARGO	NOME E APELIDOS
Presidenta	Angela Bouzada Valverde
Secretario	Juan Carlos Vence Lamas
Asesoría Xurídica	Javier Álvarez López
Vogal	Manuel Bermudez Sambade
Vogal	Maria Esther Souto Lareo

Como consideración previa aos actos a realizar na presente sesión e de conformidade co previsto no artigo 64 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (LCSP), cada un dos membros da mesa de contratación constituída declaran expresa e individualmente baixo a súa propia responsabilidade que non concorre neles ningún conflito de interese que poda comprometer a súa imparcialidade e independencia durante o procedemento, así como de que se comprometen a poñer en coñecemento do órgano de contratación, de forma

inmediata, calquera potencial conflito de intereses que poda producirse durante o desenvolvemento do procedemento de adxudicación

2. LECTURA DO ANUNCIO DE LICITACIÓN.

Iníciase o acto público autorizándose a entrada na sala dos representantes dos licitadores, constatándose a seguinte asistencia:

Non concorreu ao acto público ningún licitador.

A continuación, o secretario dá lectura do anuncio de licitación.

3. APERTURA DOS ARQUIVOS ELECTRÓNICOS E EXAME DA DOCUMENTACIÓN (SOBRE B).

A continuación, procédese á apertura da documentación contida no “Arquivo electrónico B”, dando lectura dos valores cuantificables por aplicación de fórmulas ofertados por cada un dos licitadores.

LICITADOR	ALLIANZ, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A.
------------------	--

- **Oferta económica:** **51.813,74 €**
- **Cobertura de Danos Eléctricos a aparatos /maquinaria e instalacións:**

Inclusión de cobertura de Danos Eléctricos a aparatos maquinarias e instalacións	Si
--	----
- **Reducción das limitacións e exclusións**

Reducción de franquía por extensión de garantías	3.500€
Reducción de franquía de danos por fenómenos atmosféricos	55.000€
- **Medidas relativas ás políticas empresariais en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral**

Flexibilidade horaria	Non
Reducción de xornada	Non
Melloras dos permisos legalmente establecidos	Non
- **Incremento nos límites de indemnización establecidos como mínimos no prego de prescripcións:**

Incremento no límite mínimo de indemnización	5.000.000€
--	------------
- **Inclusión das seguintes cláusulas:**

Defensa xurídica e reclamación de danos	Non
Derogación da regra proporcional	Non

4. ACORDOS DA MESA.

1. Solicitar a elaboración do informe de valoración.

A Mesa de Contratación acorda que, por parte dos técnicos, se proceda a elaboración do informe de valoración dos criterios automáticos por aplicación de fórmulas.

Logo de tratados todos os puntos da orde do día, dáse por terminado o acto pola Presidenta, e para que quede constancia, esténdese a presente Acta que é lida por todos os membros asistentes da Mesa de Contratación. Unha vez manifestada a conformidade co contido da acta polos anteditos membros da Mesa de Contratación, asínase dixitalmente pola Presidenta e o Secretario .

Presidenta da Mesa

Secretario da Mesa

Angela Bouzada Valverde

Juan Carlos Vence Lamas